



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO, PARA QUE SE REALICE A LIMPEZA DUNHA FINCA NO CAMIÑO DO LARANXO-TEIS.

Expediente: N.7.Q/13514/16

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Sr. alcalde:

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa de 15 de setembro de 2016, Don [REDACTED] co DNI nº [REDACTED], solicitou a nosa intervención.

Acusado recibo a súa reclamación o 16 de setembro de 2016, abriuse o citado expediente de queixa e practicáronse as actuacións relacionadas nos seguintes:

ANTECEDENTES

O 30 de setembro de 2016 (R. saída nº 10059/16) declarouse a súa admisión a trámite e promoveuse ante a administración municipal de Vigo unha investigación, sumaria e informal co obxecto de atender á reclamación formulada.

Ante a ausencia da información requirida, o 7 de novembro reiterouse o requirimento. En resposta ao mesmo, o 17 de novembro de 2016, achegouse copia da resolución da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable, de 8 de novembro de 2016, notificada ao denunciante/denunciado. Por dito motivo, acordouse a conclusión do expediente.

O 26 de febreiro de 2017, o interesado Sr. [REDACTED] solicitou a reapertura do expediente de queixa 13514/16, alegando a falta de limpeza da finca denunciada, sita no camiño do

Laranxo. Consonte ao solicitado, declarouse a reapertura do citado expediente o 1 de febreiro de 2017.

Ante o incumprimento da resolución municipal adoptada sobre a devandita finca, o interesado de novo denunciou a situación de falta de limpeza o 6 de marzo de 2017. Para a súa atención remitiuse un novo requirimento ao concello o 8 de marzo (R. saída nº 29036/17), e reiterouse o 12 de abril.

En resposta ao requirimento practicado, a administración municipal comunícanos o cambio de titularidade dos bens da entidade ██████████, a favor da empresa ██████████. Ante a dita empresa iniciáronse as actuacións de requirimento da limpeza da finca denunciada e púxose en coñecemento do interesado o 3 de maio de 2017.

O 3 de xullo de 2017, o interesado denuncia a inactividade da administración municipal. Avaliado o devandito incumprimento, o 10 de xullo impúlsase de novo o expediente de queixa, acusando a administración municipal do concello o 19 de xullo a súa recepción.

O 5 de setembro, o interesado comunica que a situación da finca segue a ser a mesma, e remite fotografías que acreditan a falta de limpeza denunciada. De novo, o 11 de setembro (R. saída 10971/17) comunícase á administración municipal do concello o devandito incumprimento.

O 9 de outubro o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, subliña que o expediente 170125129/0 atópase pendente de información do inspector municipal.

O 1 de decembro de 2017, o interesado reclamante lembra por escrito que *“o problema continúa sen se resolver”*. En atención ao comunicado, o 7 de decembro esta institución require ao concelleiro unha información actualizada sobre o estado de execución do citado expediente.

O 6 de febreiro de 2018, a administración municipal comunícanos que a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, ditou resolución o 7 de decembro de 2017, impondo á empresa ██████████, unha multa coercitiva de 1.000 euros polo incumprimento da orde de execución ditada o 6 de abril de 2017, a fin de acadar a súa execución forzosa.

Desta comunicación deuse traslado ao reclamante o 14 de febreiro de 2018.

O 22 de marzo de 2018, o interesado comunica de novo o incumprimento da orde de limpeza da finca denunciada. Unha vez acusado recibo do seu escrito, esta institución o 4 de abril, unha vez mais, impulsa a reapertura do expediente de queixa referenciado, dando conta á administración municipal e ao interesado.

O 19 de abril de 2018, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, comunícanos o informe da xefa do negociado de Sanidade, de 11 de abril, co contido seguinte:

“O 4.01.2018, a empresa recibiu a resolución de data 7.12.2017 pola que se lle impuxo unha multa coercitiva de 1.000 € por non ter levado a cabo a limpeza do terreo con ref. Catastral 54057A00100046, emprazada no camiño do Laranxo.

O 20.02.2018, a empresa presenta recurso de reposición contra a resolución anterior en base que non é o propietario do terreo en cuestión e que descoñece a quen corresponde a súa titularidade.

O 26.03.2018, a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable dita resolución pola que se estima o recurso de reposición presentado pola empresa requirida.

No Catastro non figuran un titular que poida ser localizable”.

Con referencia aos antecedentes relacionados, formúlase a seguinte

CONSIDERACION XERAL:

Examinado o último informe municipal recibido, resulta abraiante que o procedemento administrativo aberto careza de resolución, xustificando dito incumprimento en que a empresa ██████████ non é titular da finca denunciada coa referencia catastral 54057A001000046.

Ante a situación descrita, entendemos que debe iniciarse o procedemento de execución previsto no artigo Nove da Lei autonómica 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica o artigo 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Neste sentido lembrámoslle o contido dos seus apartados 3 e 4:

“3. Cuando no pueda determinarse la identidad de la persona responsable de la gestión de la biomasa vegetal y retirada de especies arbóreas prohibidas o resulte infructuosa la

notificación de la comunicación a la que se refiere el número anterior, esta se efectuará mediante un anuncio en el Boletín Oficial del Estado y en el Diario Oficial de Galicia”, en el que se incluirán los datos catastrales de la parcela. En estos supuestos el plazo para el cumplimiento se computará desde la publicación del anuncio en el Boletín Oficial del Estado.

4. Transcurridos los plazos señalados en este artículo sin que la persona responsable gestione la biomasa o retire las especies arbóreas prohibidas, la Administración pública competente podrá proceder a la ejecución subsidiaria, atendiendo a las necesidades de defensa contra los incendios forestales, especialmente respecto de la seguridad en las zonas de interface urbano-forestal, conforme a lo establecido en el artículo 44 de la Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de montes, o norma que la sustituya, sin perjuicio de la repercusión de los costes de la gestión de la biomasa a la persona responsable.

Los costes que se repercutirán podrán liquidarse provisionalmente de manera anticipada, incluso en la comunicación a la que se refiere el número 2, y realizarse su exacción desde el momento en que se verifique el incumplimiento de la obligación de gestión de la biomasa en los plazos señalados en este artículo, sin perjuicio de su liquidación definitiva una vez finalizados los trabajos de ejecución subsidiaria.

Para la liquidación de los costes correspondientes a cada parcela la Administración tendrá en cuenta la cantidad resultante de aplicar la parte proporcional a la cabida de la parcela del importe del correspondiente contrato, encomienda o coste de los trabajos realizados en la zona de actuación.

Cuando la identidad de la persona responsable no sea conocida en el momento de proceder a la ejecución subsidiaria, la repercusión de los costes se aplazará al momento en que, en su caso, llegue a ser conocida, siempre que no hayan prescrito los correspondientes derechos de cobro a favor de la Hacienda pública.

Si la ejecución subsidiaria incluye la retirada de especies arbóreas prohibidas, se dará traslado de la resolución en la que se acuerde dicha ejecución subsidiaria al órgano competente para la incoación del correspondiente procedimiento sancionador, el cual deberá proceder de inmediato a la adopción del acuerdo de incoación del expediente sancionador y de la medida cautelar de decomiso de las indicadas especies. El destino de las especies objeto de decomiso será su enajenación, la cual será efectuada, en los términos regulados en esta ley, por la Administración que haya realizado la ejecución subsidiaria.

En el caso de venta de las especies objeto de decomiso, los importes obtenidos deberán aplicarse, por parte de la Administración que realice tales ventas, a sufragar los gastos derivados de las ejecuciones subsidiarias de su competencia.

En los casos en que, por razones técnicas debidamente motivadas, resulte inviable que la Administración local pueda realizar la ejecución subsidiaria, podrán arbitrarse medios de colaboración entre la Administración local y la autonómica para posibilitar la ejecución subsidiaria. Los instrumentos de colaboración determinarán en estos casos la administración actuante y el destino de los fondos que, en su caso, se perciban de la venta de las especies arbóreas.”

CONCLUSIÓN

Tendo en conta os antecedentes expostos, e con baseamento na consideración xeral anterior, esta Institución no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 32.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, formula ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Ante a causa determinante exposta de que o propietario da finca denunciada, no Camiño do Laranxo-Teis, non é localizable, por non figurar a devandita titularidade no catastro, entendemos que debe instruírse de oficio o procedemento establecido no artigo 22 da citada Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ao abeiro dos seus apartados terceiro e cuarto, dada a imposibilidade de determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas.

Xa que logo, debe publicarse anuncio no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, no que se incluírán os datos catastrais da finca denunciada. Transcorridos os prazos sinalados no apartado terceiro do citado artigo 22 da Lei 3/2007, a administración municipal debe proceder á execución subsidiaria, lembrándolle que a competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria do citado artigo, corresponde ás entidades locais.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación ou non da recomendación formulada, e de ser o caso, das medidas adoptadas para darlle efectividade.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo